

**ACTA Reunión Coordinadores/as e Coordinadores/as Suplentes Mesas de Trabajo.**  
 Sala de Xuntas Dirección de Facenda (C/Franxa) - 5-mayo-2016. Inicio: 13.15 h. Fin: 14.30 h.

**Coordinadores/as convocados/as e asistencia:**

- Mesa para a Recuperación Ambiental da Ría do Burgo e bacía do río Mero:
  - o Beatriz Golán, Enxeñeira Técnico Agrícola / Culleredo – Coordinadora - ASISTE
  - o Verónica Campos, Asesora Concelleira Medio Ambiente/ Coruña – Coordinadora suplente – DISCULPA asistencia por enfermedad
  
- Mesa para a coordinación do Planeamento Urbanístico:
  - o Marta Bosch Pibernat, Coordinadora do Departamento de Urbanismo / Oleiros – Coordinadora – DISCULPA asistencia por enfermedad
  - o José Agustín Barca Cotelo, Xefe Sección Planeamento e Xestión (Arquitecto Mpal) / Cambre – Coordinador Suplente - ASISTE
  
- Mesa do Plan Integral Metropolitano de Transporte e Mobilidade:
  - o Javier Varela Tejedor, Xefe Gabinete Técnico / Culleredo – Coordinador - ASISTE
  - o M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, Técnico de Medio Ambiente / Abegondo – Coordinadora Suplente – NO ASISTE
  
- Mesa da Xestión Integral dos Residuos Urbanos:
  - o José Pernas García, Xefe de Servizo de Medio Ambiente / Coruña – Co-coordinador - ASISTE
  - o Miguel Angel Sandar Picado, Xerente Consorcio das Mariñas – Co-coordinador - ASISTE
  
- Mesa da Xestión do Ciclo Integral da Auga:
  - o Jaime Castiñeira, Director Xeral de Emalsa – Coordinador - ASISTE
  - o Carlos Ameijenda, Técnico Enxeñeiro Agrónomo / Abegondo - Coordinador Suplente – ASISTE
  
- Grupo de Trabajo EDUSI Metropolitana:
  - o Concepción García, Asesora de Rexeneración Urbana –Coruña / Coordinadora - ASISTE
  - o José Agustín Barca, Xefe Sección Planeamento e Xestión (Arquitecto Mpal) / Cambre-Coordinador Suplente - ASISTE
  
- Equipo de Coordinación de Estratexia Metropolitana:
  - o Iago Martínez Durán, Xefe de Gabinete Alcaldía/Coruña - ASISTE
  - o José Manuel Peña Penabad, Xefe de Servizo Alcaldía / Coruña – ASISTE



**ORDE DO DÍA**

1. Redactar un documento acerca do Réxime de funcionamento Mesas/Grupo de Traballo.
2. Orde do Día/Áreas de avance de cada reunión (1ª reunión).
3. Cadro primeiras reunións.
4. Estratexia de Innovación.

**ACORDOS ADOPTADOS:**

1. **Redactar un documento acerca do réxime de funcionamento Mesas/Grupo de Traballo para conseguir unha certa homoxeneidade no traballo das Mesas/Grupos.**

Redactar unha proposta de RÉXIME DE FUNCIONAMENTO que conteña:

a) Reunións ordinarias/extraordinarias (urxentes)

- Periodicidade. Data fixada para bloquear axendas (p.e. 1º xoves de cada mes, 12 h), etc de xeito que cada Mesa estableza a súa periodicidade.
- Lugar de celebración.
- Cada Mesa establecerá na súa primeira xuntanza o seu propio calendario de periodicidade establecida como “fixa” e trasladarase ao documento final do Réxime de funcionamento. Inicialmente: xuntanzas mensuais agás períodos vacacionais.

b) Confección Orde do Día.

- Remisión de asuntos e documentos cunha semana de antelación.
- Regular o tratamento de asuntos “fora do Orde do Día” (máx 3/4).
- Regular o tratamento de asuntos “urxentes”.

c) Actas

- Coordinador/a (ou secretario/a) Mesa: Elaborará o borrador da acta, que remitirá por mail ao resto de membros da Mesa/Grupo.
- Emendas e adicións (por escrito e en 2 días).
- Acta final:
  - PDF asinado dixitalmente.
  - Aprobación da acta en sesión seguinte.
  - Remisión a equipo coordinador.

d) Documentos, informes, proxectos, etc.

- Serán remitidas ao equipo Coordinador de Estratexia Metropolitana á maior brevidade posible.



- e) Reunión seguimento Estratexia Metropolitana (bi-mensual).
  - Reunión preparatoria Asemblea de Alcaldes.
- f) Establecerase publicidade a través da web (previamente, o equipo Coordinador da Estratexia Metropolitana formalizará unha proposta aos Alcaldes/a do Área).

Acórdase encomendar a redacción do texto en base ás consideracións anteriores a Marta Bosch Pibernat, do Concello de Oleiros.

**2. Áreas de avance de cada reunión (1ª reunión). (Plantéxase como necesario incorporar estes aspectos na orde do día da primeira xuntanza de cada Mesa/Grupo de Traballo).**

Necesariamente explicitaranse estes puntos na Orde do Día da convocatoria:

- Punto de partida.
- Análises de situación.
- Plans, Accións en marcha / previstas a curto prazo.
- Asistencias técnicas en marcha / previstas a curto prazo (obxecto da contratación; posibilidade de coordinación).
- DAFO
- Priorización dos traballos (derivados de obxectivos e accións mancomunadas).

**3. Cadro primeiras reunións:**

- Semana vindeira: data proposta (a fin de evitar concorrencias).
- Condicións: todas reunións en maio.
  - Mesa Recuperación Ambiental Ría do Burgo e bacía do río Mero.
  - Mesa para a coordinación do Planeamento urbanístico.
  - Mesa do Plan Integral Metropolitano de Transporte e Mobilidade.
  - Mesa da Xestión Integral dos Residuos Urbanos.
  - Mesa da Xestión do Ciclo Integral da Auga.
  - Grupo de Traballo EDUSI Metropolitana.

A Coruña, a 19 de maio de 2016

Asdo. José Manuel Peña Penabaz

